

FESTIVAL
DECLARADO
DE INTERESE
TURISTICO
INTERNACIONAL



A LENDA DI QUE NA RÍA DE ORTIGUEIRA VIVE UN DRAGÓN ... DEBE SER O QUE CADA VERÁN SAÍE DO MAR A TOCAR, CANTAR E BAILAR, CANDO O festival

33 festival internacional do Mundo Celta de

13/14/15/16
XULLO 2017



ortigueira

INDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- HISTORIA DO FESTIVAL

3.- LOXÍSTICA

4.- PROGRAMACIÓN CULTURAL

4.1.- Actuacións no escenario Estrella Galicia

4.2.- Ciclo "Festival No Teatro"

4.3.- Concurso Internacional de Cuartetos Tradicionais

4.4.- Concurso de "Novos Valores da Música Folk - Proxecto Runas."

4.5.- Bandas de Gaitas e actividades musicais a na rúa.

4.6.- Obradoiros

4.7.- Feira de artesanía

4.8.- Exposicións e outros produtos culturais

4.9.- Concertos no Teatro e na Igrexa

5.- MOMENTOS

1.- INTRODUCCIÓN

O Festival obtén os galardóns de Interese Turístico Galego e Nacional e, no 2005, é declarado Festa de Interese Turístico Internacional polo Ministerio de Industria Español, converténdose así nunha plataforma dende a que o mundo enteiro coñece Ortigueira e a súa comarca. En 2014 obtén o Premio Cultura Galega na modalidade de música.

Nas súas pasadas edicións, foron máis de 70.000 persoas as que acudiron a este evento cultural.

Non hai dúbida de que a calidade artística e cultural acadada polo Festival, non se verá minguada en futuras edicións. Ano a ano, aumenta a inversión en infraestruturas, servizos e recursos humanos para poder acoller a grande cantidade de persoas rexistradas e poder garantir en todo momento a súa seguridade e disfrute.

Todo isto, implica un grande esforzo económico no que o Concello de Ortigueira está totalmente inmerso xunto cos patrocinadores públicos e privados.

Cos novos criterios de Xestión instaurados no 2015, o Festival consolídase definitivamente coma referente cultural e un importantísimo motor económico.

2.- HISTORIA DEL FESTIVAL

O Festival do Mundo Celta de Ortigueira nace dun proxecto que os membros da Escola de Gaitas idean tras unha visita ó Festival de Lorient en 1978. Cun orzamento de 6.000€, a súa primeira edición consegue reunir 10.000 persoas demostrando que viña de xurdir algo único que non faría máis que medrar.

As súas seguintes edicións fóronse superando ano tras ano hate batelo record na súa primeira etapa con 25.000 asistentes en 1984.

En 1995 apóstase por implementalo Festival con actividades paralelas. Conferencias, exposicións, feira de artesanía e proxección de documentais entre outras actividades, axudaron a facer que o nome do Festival medrase e se expandise a nivel internacional espallando rapidamente polo mundo o que era o espírito de Ortigueira: tres días de festa ó aire libre gozando da mellor música celta, concertos gratuítos, actividades culturais e todo isto nun enclave tan privilexiado e único como é a ría de Ortigueira.

No ano 2000 sentáronse as bases do que é hoxe unha auténtica industria cultural, ao tempo que o Festival abría o seu horizonte musical cara a outros tipos de música que non teñen por que ser estritamente celtas.

O esforzo nas súas últimas edicións pasa por reforzar as infraestruturas de servizos - autobuses gratuítos, aparcamentos vixiados, duchas, aseos, puntos de información- para facer máis cómoda a estancia dos milleiros de visitantes que ateigan a vila e a praia de Morouzos, e coidar ao máximo a calidade da programación musical. As estrelas do folk elixen os palcos de Ortigueira para presentar os seus últimos traballos -escenario Estrella Galicia- e o certame eríxese ademais como catapulta de novas bandas -Escenario Runas-.

A forza do Festival, organizado polo Concello de Ortigueira, valeulle que na edición do 2003 o Ministerio de Economía lle concedese o galardón de Festa de Interese Turístico Nacional . Pero os recoñecementos irían aínda máis aló. En 2005 o certame entrou no selecto grupo de eventos de Interese Turístico Internacional . O empuxe do Festival -arredor de 100.000 asistentes nas súas últimas edicións- ou o seu papel na proxección de Galicia e España no estranxeiro foron só dous dos factores que lle valeron o recoñecemento.

No 2014, o Festival logra o Premio Cultura Galega no seu apartado de música.

3.- LOXISTICA DO FESTIVAL

Para o Concello de Ortigueira, é unha proba anual a nivel de produción e organización.

A presenza de máis de 70.000 persoas e a mobilización de uns 10.000 vehículos fan que a operatividade sexa máxima.

Por todo isto, a organización pon á disposición do Festival máis de 100 efectivos de Protección Civil así coma seguridade privada.

Así mesmo, incrementáanse os servizos de policía e emerxencias médicas.

Durante o Festival, incrementábase a frecuencia e o número de transportes públicos para chegar a Ortigueira. Negociáronse tarifas especiais con empresas de trens e autobuses para unha maior comodidade dos asistentes.

Habilitáranse zonas de aparcamento para uns 15.000 vehículos.

Un ano máis, Morouzos será a zona de descanso.

4.- PROGRAMACIÓN

4.1.- ACTUACIÓNS MUSICAIS NO ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

Un ano máis, o escenario “Estrella Galicia” convertese no escaparate dos máximos expoñentes da música celta a nivel internacional.

Será o lugar no que bandas clásicas e de culto compartirán táboas cos novos valores dun xénero musical que está máis vivo que nunca.

Este ano, a lenda deste escenario, seguirá nutréndose coas bandas chegadas de Irlanda, Galicia, Bretaña, Escocia, Asturias e Xapón.

As bandas que compoñen o cartel do XXXIII Festival do Mundo Celta de Ortigueira son:

JUEVES 13 DE JULIO

Finalistas do Proxecto Runas 2017... daranse os seus nomes o 18 de maio

SKERRYVORE – ESCOCIA

Skerryvore formouse na pequena illa de Tiree, na costa oeste de Escocia en 2005. Co lanzamento do seu terceiro álbum "Skerryvore", a banda catapultouse ó mundo da fama gañando unha serie de prestixiosos premios como SNMA disco do ano 2011 y STMA Live Act do 2011. En 2016 obtivo o galardón de mellor directo do ano.

Na actualidade, a banda axuda en proxectos de Live Music Now (LMN), a Escola Real de Cegos, Artlink Central y HMP Cornton Vale, colaboran tamén con escolas de necesidades especiais de todo o Reino Unido.

BANDA CREBISNKY – GALICIA

Banda Crebinsky é unha pequena orquestra popular xurdida dun universo imaxinario, creada no filme Crebinsky. Do mesmo modo, as súas músicas nacen como banda sonora e saltando da pantalla, corren ás rúas e os escenarios, crecendo e desenvolvéndose con grande enerxía.

Se houbera que etiquetar o seu estilo, pronto nos veríamos en serias dificultades. Con todo, podemos arriscar algunhas expresións como "composicións eclécticas-delirantes próximas á world music ou ben "música popular dun país inexistente" que nos aproximaría algo á realidade. Da súa escoita reflexiva se evidencia un traballo musical de gran calidade, cheo de detalles e minucioso, tanto a nivel compositivo como de interpretación.

VIERNES 14 JULIO

ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA

A agrupación asume no 2014 a organización da sesión inaugural e os desfiles de bandas da cita folk.

Como tódolos anos, a formación fundadora do Festival, en tempos de Xavier Garrote, participa na sesión de concertos do venres e dirixe o desfile de bandas do domingo.

A banda de gaitas decana de Galicia, creada en 1975, sendo precursora do posterior movemento gaiteril, subirá ó escenario Estrella Galicia con case medio cento de músicos, entre gaiteiros, percusionistas e cadro de baile, para presentar un repertorio puramente tradicional de música e baile galego.

Dirixida por Rodrigo López, constitúe unha auténtica institución no municipio e mantén viva a reivindicación do papel da gaita na nosa cultura.

USHER'S ISLAND – IRLANDA

Usher's Island: a unión de cinco dos nomes máis influentes e recoñecidos na música tradicional irlandesa dos últimos 50 anos, fundadores e membros das bandas máis emblemáticas dende principios dos anos 60 do pasado século.

Estes grandes músicos son:

Andy Irvine

É un dos grandes cantantes irlandeses. Estivo á fronte de gran des grupos: dende Sweeney's Men a mediados dos 60, ó enorme éxito de Planxty nos 70 e logoen Patrick Street, en Mozaik xunto a Donal Lunny.

Dónal Lunny

Sen dúbida, o seu nome asociase directamente ó renacer da música irlandesa nas últimas tres décadas. Dende os anos 70 tivo relación coas bandas máis innovadoras saídas de Irlanda incluíndo Planxty, BothyBand Moving Hearts , Coolfin, e máis recentemente Mozaik.

Michael McGoldrick

Co-fundador dun dos grupos máis importantes da música irlandesa, Lúnasa, e membro actual de Capercaillie, frautista e gaiteiro, xogou un gran papel na expansión da audiencia para a música instrumental de Irlanda e Escocia coa súa técnica experta e de grande visionario.

Paddy Glackin

Violinista , membro fundador da Bothy Band continuou explorando o violín en Irlanda como solista e en colaboración co gaiteiro Robbie Hannan, o multi-instrumentista Donal Lunny, o guitarrista Michael O'Domhnaill , Paddy Keenan, Van Morrison, Kate Bush y John Cage.

John Doyle

É un dos músicos máis influentes e importantes da música irlandesa de hoxe en día. Foi fundador do supergrupo americano-irlandés Solas na década dos 90 e recentemente foi recrutado como líder para a banda de Joan Baez. Coma guitarrista, non ten igual polo seu xenio armónico e rítmico.

SCOOT WOOD BAND - ESCOCIA

Descrita coma “unha colaboración entre os xoves músicos escoceses máis prometedores” e contando cun dos principais xovenes gaiteiros do mundo, a banda conta con finalistas da BBC Xoven Música Tradicional do ano e BBC Xoven Música de Jazz do Ano. O seu éxito foi recoñecido cunha nominación para a prestixiosa categoría de “Banda Folclórica do Ano” dos premios 2014 BBC MG ALBA Scots Trad.

Colaboran con bandas como: Mànran, Wolfstone, Skerryvore, Rura, The Mischa MacPherson Trio, Fat-Suit y los Red Hot Chilli Pipers.

BÖJ - GALICIA

Gañadores do Runas 2016, o grupo Böj nace no ano 2002 e experimenta varios cambios ata chegar a formación e repertorios actuais nos que se toman como base temas de tradición irlandesa dándolles arregros propios con tintes de música galega.

Prometen un directo que non deixará indiferente a ninguén.

SÁBADO 15 JULIO

THE CALIFORNIA AND DISTRICT PIPE BAND

The California and District Pipe Band, pertence a pequena vila de California, en Falkirk.

O seu director Gary Nimmo, e o bombo principal, Cameron McIvor, son, sen dubidada, referentes no mundo das bandas de gaitas.

A banda, que dispón de grupo de danza escocesa, fará as delicias dos asistentes ó Festival.

BAGAD KEVRENN BREST SANT MARK

Dende 1947, esta asociación conseguiu renovarse co único fin de demostrar que a música bretona está viva. E o fan da mellor das maneiras, con numerosas colaboracións entre as que se inclúen: Alan Stivel, Carlos Nunez Dan Ar Braz, Pat O'may, Jacques Pellen Manu Lann Huel, Méline Favennec ...

Esta banda foi a precursora da presenza Bretona no Festival, abrindo o camiño para outras no 1978.

OSCAR IBAÑEZ & TRIBO – GALICIA

A banda do gaitero pontevedrés Óscar Ibañez agrupa músicos de ampla traxectoria no panorama folk galego, coma Harry Price ou Paco Dicenta, para presentar un espectáculo que pretende hermanar musicalmente ás culturas atlánticas usando a música galega como fío condutor nunha mestizaxe moderna e innovadoras na que predomina a sonoridade celta.

Ibañez, inspirado nas músicas de ida e volta e na temática da emigración galega en América Latina fundamentalmente, fai unha labor a medio camiño entre a investigación e a creación, co fin de realizar unha fusión sen límites.

MICHAEL MACGOLDRICK BAND – IRLANDA

Considerado coma un dos mellores frautistas actuais, en 1994 gañou o premio da BBC á Tradición Xoven e no 2001 o de instrumentista do ano nos premios de folclore da BBC Radio 2.

É un dos fundadores da banda Flook, que abandonou para perseguir novos proxectos. Así mesmo, foi un dos primeiros membros de Lúnasa e no 1997, uniuse a Capercaillie.

McGoldrick tocou regularmente para Afro-Celt Sound System e para a banda de Kate Rusby.

Agora ten a súa propia banda formada por Dezy Donnelly, Donald Shaw, John Kelly y Ed Boyd.

TEJEDOR – ASTURIAS

En 1995, os tres irmáns José Manuel, Javier y Eva Tejedor comezan unha nova etapa na súa carreira musical, tras máis dunha década adicados plenamente á música tradicional de Asturias e tras conseguir máis dunha veintena de galardóns tanto en concursos nacionais coma internacionais.

Nos últimos anos participaron nos principais Festivais Europeos e realizando concertos por todo o mundo, telonearon a Van Morrison en Valencia e Gijón e a Sinead O'Connor en Lorient, tamén teñen colaborado con infinidade de artistas como Phil Cunningham, Kepa Junkera, Oskorri, Davy Spillane, Luar na Lubre, Michael McGoldrick, Carlos Núñez, Chus Pedro, Niall Vallely e Alasdair Fraser.

HARMONICA CREAMS – JAPON

A banda xaponesa Harmonica Creams, gañadora do Runas 2012, subirase as táboas do Estrella Galicia tras 5 anos da súa última actuación en Galicia.

O cuarteto, liderado por Yoshito Kiyono, ofrece unha fusión única de música celta e blues. O son da armónica é a base da súa música. O conxunto de armónica, violín irlandés, guitarra rítmica e os tambores irlandeses tradicionais 'bodhran' únense para formar unha paisaxe sonora rica e variada.

Esta será unha ocasión única de disfrutar dos éxitos dos seus últimos discos en directo.

DOMINGO 16 JULIO

GAMELAS E ANDURIÑAS. Ortigueira

A Asociación Cultural Gamelas e Anduriñas comenzo a dar os seus primeiros pasos da man do mestre da Escola de Párvulos Enrique Penabad, corría o ano 1983.

Dende o seu nacemento fixeron unha aposta clara pola cultura tradicional galega, impartindo clases de baile e música tradicional galega.

Entre os anos 1997 inauguran o que serían as primeiras clases de cantareiras no Concello, co grupo Troula.

OS CARECOS E AMIGOS. Ortigueira

Unha nova formación xurdida do interese de cinco músicos por profundizar nas raíces da música tradicional.

Nesta ocasión, estarán no escenario con diversos cantantes e amigos para ofrecer un espectáculo único e irrepetible na noite do domingo no escenario Estrella Galicia.

Contarán coa colaboración de Felisa Segade (Leilía) Pepe do Calo, Estevo Lamas e Cibrán Seixo entre outros.

TREIXADURA CON CANTIGAS E AGARIMOS

Treixadura constitúe dende 1990, un espectáculo musical sorprendente. A música tradicional observada desde dúas concepcións ben arraigadas: o canto e a gaita.

Ao longo da súa traxectoria son moitas as melodías que rescataron do anonimato e outras tantas creadas para que a cadea de transmisión da música tradicional continúe viva.

Un xeito de facer cunha personalidade moi característica, de enlazar a raíz musical da nosa cultura co xeito de entender hoxe a música tradicional.

25 anos de gravacións e concertos, 6 discos no mercado, unha variada gama de colaboracións discográficas fan deste concerto un dos máis agardados desta edición.

A RODA

A Roda naceu en 1976, formado no barrio de Teis (Vigo) por un grupo de amigos que acostumaban a cantar nas tabernas da súa cidade.

O primeiro disco foi un auténtico éxito de vendas e chegou a gañar o “Premio da Crítica de Galicia” dous anos despois.

Nun momento en un país onde coexistían a tradición das tabernas e os primeiros efectos da normalización lingüística, xunto co carácter estritamente popular das súas cancións, A Roda, lograron o recoñecemento e a fama en toda Galicia e máis aló das súas fronteiras.

4.2.- CICLO “FESTIVAL NO TEATRO”

Sen dúbida, unha das xoias arquitectónicas coas que conta Ortigueira, é o Teatro da Beneficencia.

O ciclo pretende por en valor este espazo único, que data do S. XVIII e a súa asociación coa música de corte acústico, nun clima íntimo e recollido. Estes concertos queren darlle espazo a esas formacións que, polas súas características de posta en escea, adáptanse mellor a este escenario que ó Estrella Galicia.

O ciclo permitiu tamén alongala presenza do espírito do Festival durante todo o ano cun éxito total de asistencia, colgando en tódolos concertos o cartaz de “non hai entradas”

Os concertos realizados durante este ciclo foron:

18 de febreiro.- **Niamh Ni Charra Trio** - Irlanda.

17 de marzo.- **Alaw** - País de Gales.

7 de abril.- **Ives Lambert Trío** - Canadá.

13 de maio.- **Anxo Lorenzo Band** - Galicia

4.3.- CONCURSO INTERNACIONAL DE CUARTETOS TRADICIONAIS

Os cuartetos tradicionais son unha formación musical arraigada no patrimonio cultural de Galicia. A conservación deste tipo de agrupación musical depende do fomento da súa existencia e valoración.

O obxecto do Festival de Ortigueira é establecer un concurso bianual que premie os mellores cuartetos tradicionais. Entregaranse premios e haberá actuacións polas rúas.

O xurado estará formado por recoñecidos músicos de Galicia e expertos na materia.

A edición 2017 deste concurso, terá lugar no outono, durante o último trimestre do ano.

4.4.- CONCURSO DE NOVOS VALORES DA MÚSICA FOLK - PROXECTO RUNAS.

Dende fai anos, un dos principais focos de interese do Festival é o Proxecto Runas. Este concurso pretende impulsalas carreiras dos novos valores da música celta mediante un premio en efectivo e un posto no cartaz do Festival.

Nesta convocatoria recibíronse as candidaturas de 20 bandas entre as que se atopan grupos nacionais, irlandeses, xaponeses, eslovenos e uruguaios.

As formacións clasificadas para a final foron:

GABRIEL G DIGES - Irlanda

GWIDDEL - Andalucía

JESUS DEL CASTILLO - Madrid

KOJI KOJI MOHEJI - Xapón

LOCHLAIN- Valencia

MOSQUERA CELTIC BAND - Castilla la Mancha

NOREIA - Slovenia

RASTAKELTIA - Madrid

VIRANDEIRA - Galicia

Os tres grupos que pasen a gran final, terán que loitar en directo a noite do 13 de xullo sobre o escenario Estrella Galicia.

4.5.- BANDAS DE GAITAS E ACTIVIDADES MUSICAIS A PÉ DE CALLE.

Unha das características do festival de Ortigueira é participación de centos de gaiteiros e músicos a través das diferentes agrupacións de bandas de gaitas que acoden o Festival.

Este ano, contaremos coa presenza de:

- The California and District Pipe Band, Escocia
- Bagad Kevrenn Brest San Mark - Bretaña
- Escola de Gaitas de Ortigueira - Galicia
- Banda de Gaitas de Ladrado - Galicia
- Banda de Gaites "Vila de Xixon" - Asturias.
- Banda de gaitas "Rabade Outeiro Begonte"
- Banda gaitas "Airiños de Fene"
- Banda de gaitas "Malante - Malpica"

As bandas encargaranse dos pasarrúas diarios que levarán a música e a tradición a tódalas rúas de Ortigueira.

4.6.- OBRADOIROS

Outra das actividades propias do Festival é a realización de obradoiros culturais relacionados coa música e o folclore.

En anteriores edicións obradoiros de baile galego, baile irlandés, composición para guitarra folk e gaita, fixeron as delicias dos participantes que encheron as prazas dispoñibles.

Este ano, xa se conta con propostas coma iniciación á zanfona, obradoiro de fotografía ou un obradoiro impartido por Antón Corral sobre palletas e afinación de gaita.

Proximamente, pecharanse os ansiados obradoiros de baile escocés e danza bretona.

4.7.- FEIRA DE ARTESANÍA

Como xa é tradición, a feira de artesanía funcionará tódolos días do Festival.

Máis de 50 artesáns procedentes de varios países venderán os seus produtos orixinais durante o Festival.

Instalada na zona do porto de Ortigueira, preto do escenario principal, esta feira convertese nun poderoso atractivo cultural e oferta os máis variados produtos artesáns.

A feira abrirá de 12.00 a 02.00 do 13 ó 16 de xullo.

4.8.- EXPOSICIÓNS E OUTROS PRODUTOS CULTURALS

O claustro do Concello e o Centro de Recepción de Visitantes albergarán unha retrospectiva dos cartaces do Festival e máis una exposición fotográfica que poderán visitarse durante todo o Festival.

4.8.- CONCERTOS NO TEATRO E NA IGREXA.

O Festival de Ortigueira abre nesta edición dous escenarios satélites: o Teatro da Beneficencia e a Igrexa de Santa Marta. Ambos escenarios programarán tanto concertos máis íntimos, coma proxeccións e charlas.

Nesta ocasión proxectarase un documental musical e os asistentes poderán disfrutar dun concerto de gaita galega e órgano litúrxico entre outras actividades.

5.- MOMENTOS

Xoves 13 de xullo as 20 horas, na Praza de Isabel II

Inauguración do Festival, a cargo de diversas autoridades.

Inauguracións Feira de Artesanía, exposicións e obradoiros.

Actuación do grupo xaponés Harmonica Creams con invitados.

Bandas de Gaitas:

Escola de Gaitas de Ortigueira

The California and District Pipe band

Bagad Kevrenn Brest Sant Mark

Bande de Gaites Vila de Xixon.

Desfile de las bandas na Alameda

Pasarrúas

Tódolos días, as 12,30 - 13.30 - 18.30 - 19.30

ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

Xoves 13 de xullo

22.00.- Final Proxecto Runas 2017.

01.00.- SKERRYVORE. Escocia

02.30.- Crebisnky. Galicia

Venres 14 xullo

22.00 .-Bagad Kevren Brest Sant Mark

23.00.- Escola de Gaitas de Ortigueira

00.00 .- Usher's Island

01.30.- Scott Wood Band.

03.00.- Böj

Sábado 15 de xullo

22.00.- The California and District Pipe Band.

23.00.- Oscar Ibañez & Tribo

00.30.- Michael McGoldrick Band

02.00.- Tejedor

03.30.- Harmonica Creams

Domingo 16 de xullo

Gamelas de Anduriñas

Os Carecos e Amigoa


Treixadura e Cantigas e Agarimos

A Roda

ORGANIZA



PATROCINA



COLABORA

